

PEZA DO MES

febreiro

2005



CAMA DE BOCADO DE CABALO.
SANTOMÉ



CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ. SECTOR II

CAMA DE BOCADO DE CABALO

ENTRE OS MOITOS ACHADOS QUE LEVA DEPARADO O CONXUNTO ARQUEOLÓXICO-NATURAL DE SANTOMÉ PARA O COÑECEMENTO DO MUNDO GALAICO-ROMANO ATÓPASE ESTA SINGULAR RODA CIRCULAR DE BRONCE QUE FORMABA PARTE DUN FREO DE CABALO.

Da importancia que tivo o cabalo na sociedade hispanorromana, queda boa constancia no gran número de obxectos metálicos recuperados que formaban parte do seu arreo, e nas abundantes referencias os cabalos hispánicos que atopamos nas fontes literarias e epigráficas da Antigüidade tardía.

Neste caso, trátase dunha cama circular dun bocado de cabalo, que aparece recortada nunha prancha de bronce, mostrando no perfil exterior unha serie de dixitacións, e presentando na parte central unha decoración calada por medio de doce raios. A perforación pola que pasan os canóns do filete, dos que penden as argolas para pasar as rendas, sitúase no centro, enmarcada por unha moldura na que se observan sinais de uso e desgaste. O enganche do montante que unía o freo á cabezada está roto, aínda que pola

súa disposición debía de ter forma trapezoidal. Entre o enganche e o anel externo atópase un orificio de sección rectangular.


Os sistemas de freos de cabalos utilizados a través do tempo, para gobernar as cabalerías, son moitos e diversos, aínda que o seu funcionamento non varía en gran medida duns a outros, consistindo basicamente nun par de rendas cos seus montantes, facéndose máis complexos cando se utilizan filetes e bocados conxuntamente. O freo de bocado articulado, ao que pertence esta peza, supón un avance técnico importante con respecto aos filetes ríxidos, pois impiden danar a boca do cabalo, sen perder por iso control e mobilidade sobre a conducción.

Este tipo de freo, que parece foi utilizado polos cabalos de parada, aínda que non se descarta o seu uso polos de carreira e pola cabalería lixeira, consta de dúas camas, dous canos e dúas anellas. Todas as camas presentan características semellantes, con enganche do montante ou enganche de carrilleira, situado na parte superior, coa función de unir todo o sistema do freo á cabezada, e unha perforación circular que permite o paso dos canos do filete dos que colgaban os aneles pasarrédeas, que como o seu nome indica servía para suxeitar as rendas. Unha interesante representación, na que se pode observar con detalle o arnés, atopámola nun mosaico de tema oceano-gráfico da vila de Dueñas (Palencia), no que aparece un emblema, illado do resto da escena, coa representación dun personaxe de pé cun cabalo coa suxirente inscrición de Amoris no pescozo.

Estas camas presentan unha gran variedade decorativa que van desde as máis sinxelas, con decoración xeométrica, como a que nos ocupa, ata as que levan representación de cabalos, golfiños, felinos, escenas de caza ou mitolóxicas.

Parece ser que estes obxectos fabricábanse en talleres locais hispánicos, posto que a súa dispersión xeográfica no Imperio Romano remítenos a un fenómeno local, aínda que con evidentes conexións coas camas achadas na Mauritania Tingitana. No que respecta a Galicia, ademais desta, contamos cunha da Muradela tamén na provincia de Ourense con decoración de crismón, outra na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, de procedencia descoñecida, e dúas do castro de Viladonga con decoración zoomorfa.

Polo que a cronoloxía destas pezas, todo parece indicar que os seus antecedentes máis antigos hai que



RECONSTRUCCIÓN DO FUNCIONAMENTO DUN FREO DE CABALO

buscalos a finais do século II, comezos do III d. C., correspondendo a súa etapa de apoxeo ao s. IV, e perdurando ata comezos do s. VI. O contexto arqueolóxico desta cama no Conxunto arqueolóxico de Santomé permite situala entre mediados do século III ata comezos do V d. C.

As referencias e noticias sobre o cabalo e a caballería na Hispania antiga son relativamente abundantes nas fontes clásicas, nas que se pon de manifesto a alta valoración da que gozaban os cabalos e xinetes hispánicos. Justino referíndose os hispanos di: *É un pobo de viva axilidade espírito inqueda e para a maioría son mais queridos os seus cabalos de guerra e as súas armas que a súa propia sangue.*

Outros autores grecolatinos destacan a calidade dos animais exemplificada na resistencia e no temperamento ou na velocidade, solo superada polos cabalos africanos, como destaca Vegecio: *A gloriosa nobreza dos cabalos hispanos considerouse igual ou preto a dos carros dos capadocios polos seus triunfos. E Siciliano nos presenta inferiores no circo, aínda que África habitúa a superar os velocísimos cabalos de sangue hispana.*

Plinio menciona os cabalos entre as fontes de riqueza da Península: *...Hispania na parte na que está*

rodeada polo mar; aínda que en parte é árida, sen embargo, alí onde produce, e fértil en froitos, aceite, viño, cabalos e metais do toda clase.

Estrabón ademais de destacar a presenza en Hispania de cabalos salvaxes, resalta o bo adestramento e a docilidade do cabalo hispano: *... coa forza da infantería había tamén cabalería, pois os seus cabalos están ensinados a ascender aos montes e, cando fai falla, pónense de xeonllos rapidamente si se lle ordena.*

Mención aparte merecen as noticias referidas á fábula das eguas fecundadas polo vento, e as peculiaridades dos cabalos asturcóns. No primeiro caso, son moitos os autores que se fan eco desta fábula, segundo a que as eguas da zona da Lusitania concibían polo vento favonio e parían poldros velocísimos pero de vida corta. Pero será Plinio el Viejo, o que máis insista neste tema: *...consta que na Lusitania....., as eguas que están voltas ó vento Favonio, cando sopra, reciben un espírito animal que se converte nun poldro, que nace en consecuencia moi veloz, pero que non pasa dos tres anos de vida.*

No tocante o tema dos cabalos asturcóns foi rapidamente valorado polos romanos, que este cabalo orixinario do norte da Península Ibérica, de pequeno tamaño, resistente e vigoroso, tivese como característica máis salientable o que se coñece como paso de ambladura, consistente en que o animal move o mesmo tempo e na mesma dirección o pé e mao do mesmo lado, o que permite ó xinete cabalgar máis cómodo. A este respecto Plinio dixo: *Na mesma Hispania produce a terra de Galicia e Asturias os thieldons, menos coñecidos polo nome de asturcóns, cun paso nada de desprezar, porque se moven en branda andadura, estendendo e encollendo agradablemente os pes e as maos, a imitación dos que ensinaron a andar artificialmente a outros cabalos.*

Todos estes achados, relacionados cos freos de cabalos e citas de autores clásicos, non fan senón resaltar o papel desempeñado polo cabalo na sociedade hispanorromana, vinculado ó mundo dos grandes propietarios de *latifundia*, no que o cabalo non solo era imprescindible para a caza, como unha parte do *otium*, e para un posible uso militar, senón que o mesmo tempo representa e simboliza a reputación do seu propietario nos xogos públicos.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal:VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO